

Parlamento Europeo

2014-2019

COMISIÓN DE AGRICULTURA E DESARROLLO RURAL

2017/2115 (INI)

27.05.2017

PROXECTO DE INFORME

**Sobre as perspectivas e desafíos para o sector apícola da Unión
(2017/2115/INI)**

Comisión de Agricultura e desarrollo rural

Ponente: Norbert Erdös

CONSIDERACIÓNS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA AO PROXECTO DE INFORME DO PARLAMENTO EUROPEO

EN SANTIAGO DE COMPOSTELA A 7 DE SETEMBRO DE 2017

Laura García Sáez

-Asociación Galega de Apicultura-

640 230 155

servizoxuridico@apiculturagalega.es

Domicilio a efectos de notificacións:

C/ Costa de San Marcos, 7 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

CONSIDERACIÓNS DENDE GALICIA

CONSIDERANDO L. (modificación) Considerando que unha vez terminado o inverno os apicultores sempre posúen **menos colmeas** polas perdas sufridas durante o outono e inverno e que poden alcanza un 50% en algúns Estados membros.

CONSIDERANDO O. (modificación): os nosos datos reflexan que a porcentaxe de importacións de mel supoñen casi o 50% do mel consumido na UE; mentras que na Unión prodúcese 250.000T/ano, as importacións chegan aos 200.000 T/ano procedente fundamentalmente de países como China, Ucraia ou México.

IMPORTANCIA DO MEL

PTOS 1. 2. 3. IMPORTANCIA DO MEL (engadido): **A regulación da apicultura dentro da PAC** e fora dela non debe centrarse exclusivamente no seu aspecto comercial senón que debe tamén considerar a importante labor que desempeña a polinización dos cultivos, e que debe ser considerado como un factor máis de apoio á agricultura. Esta cuestión está en consonancia co modelo agrícola que pretendemos cara ó futuro, un modelo de agricultura que non base o seu crecemento na utilización de plaguicidas e sementes modificadas. A sustentabilidade económica da nosa produción de alimentos necesita cada vez máis ter en conta estas cuestións. É absolutamente necesario abordar estas cuestións para mellorar o modelo agrícola e asegurar a súa pervivencia: pesticidas neonicotinoides que siguen provocando a mortalidade das nosas colonias de abellas, a contaminación que provoca a degradación do medio, o uso da terra, e o cambio climático...

O declive dos polinizadores observado nas zonas rurais é un indicador do desequilibrio que o actual modelo de produción agrícola está a impoñer nos ecosistemas. En relación coa apicultura e co restante modelo agrícola parte dos obxetivos da PAC deben pasar por:

- a) Reducir en un X% o nivel de toxicidade e/ou a cantidade de substancias químicas X, Y, e Z dos seres vivos dende agora e ata o ano X.
- b) Monitoreo da abundancia e diversidade das especies de polinizadores.
- c) Supervisar o contido de plaguicidas agrícolas e nutrientes nas augas superficiais.
- d) Supervisar o contido de pesticidas no pole recollido polas abellas.

Todas estas cuestións deberían guiar un novo de modelo de agricultura non intensiva e compatible cos polinizadores sobre todo con vistas á PAC post 2020.

APOIO DA UE Á APICULTURA

5. RÉXIMEN DE AXUDA PARA OS APICULTORES POST 2020: (modificación) Estamos dacordo con esta cuestión pero propoñemos establecer un **límite de axuda de 500 colmeas**

por apicultor/apoicultora. Con esta medida conseguimos distribuir os importes das axudas evitando que os máis grandes copen todo o orzamento.

8. EXENCIÓN FISCAL PARA TODO-LOS APICULTORES (modificación) Completamente dacordo coa exención fiscal para os apicultores xustificada nos servizos gratuitos de polinización que prestan. Sen embargo tamén neste caso e baixo a mesma xustificación que no caso anterior **propoñemos establecer un límite de 500 colmeas**, é dicir, exención fiscal para todo-los apicultores que posúan ata 500 colmeas e gravando xa a aqueles que teñan un número maior de colmeas considerada xa como unha actividade económica de maior relevancia. Hai que ter en conta que moitos apicultores con pequenas explotacións adican a súa produción ao autoconsumo ou venda local menor.

Tamén deste xeito distribuimos mellor os beneficios e exencións sen que os máis grandes sexan os que quiten o maior beneficio, as axudas deben ter un carácter progresivo.

SAÚDE DAS ABELLAS

10. VESPA VELUTINA. (petición) É inexplicable como a día de hoxe non existe ningunha axuda de cobro efectiva que faga fronte as perdas ocasionadas pola especie exótica invasora *Avispa asiática*. A inclusión da mesma dentro das axudas á apicultura é irreal xa que os cartos non chegan á financiación destas liñas, destinándose éstes primeiramente a combatir o ácaro varroa e á sobrealimentación das colmeas e renovación das ceras como necesidades tamén fundamentais para os apicultores. É necesario ademáis engadir todo-los factores que provocan perdas aos apicultores; non só perda de colmeas e de colleita de mel, senón tamén un debilitamento na saúde e fortaleza das colonias. Estes factores inclúen gastos derivados labores de reposición de baixas, sobrealimentación, limpeza, transporte, inversión en métodos de loita e protección do apiario (trampas, atraíntes, métodos de veran) e labores de vixilancia constante que supoñen unha merma nos rendimentos dos apicultores e que ao final supón que sexan ELES SOLOS quenes a través de distintos métodos de loita fagan fronte a unha especie exótica invasora que é problema de todos y cúa xestión debería ser asumida polas Administracións competentes.

11. INVESTIGACIÓN (modificación): Non se debe deixar en mans dos laboratorios das farmacéuticas o feito de atopar sustancias de combate a esta plaga, senón que dende o noso punto de vista é máis fiable que a mesma se desenvolva nos centros de investigación das Universidades ou outros organismos públicos que garanten a utilidade real duns produtos o menos contaminantes posibles e cuio mobil de actuación non sexa exclusivamente o beneficio económico senón o restablecemento do equilibrio medio ambiental.

13. APOIO AS RAZAS LOCALES (petición): Retomamos aquí a necesidade de establecer axudas para paliar as perdas ocasionadas pola *Vespa velutina* unha de cuías liñas de financiamento debe ser a reposición das baixas con enxames autóctonos seguindo a liña marcada polo Programa Nacional de Medidas de apoio á apicultura na súa liña E "*Medidas de apoio a repoboación da cabana apícola española*" aínda que o financiamento proveña de axudas distintas.

14. EFSA (AUTORIDADE EUROPEA DE SEGURIDADE ALIMENTARIA) (petición).

Reiteramos a petición de prohibición total dos neonicotinoides (imidacloprid, tiametoxan, clotianidina) seguindo as recomendacións da EFSA e a plena aplicación do seu Protocolo aprobado en 2013 que contempla de xeito máis profundo as avaliacións de risco sobre a saúde das abellas. Ademais, a aplicación do mesmo provoca a revisión na utilización doutros insectidas perigosos e cuías autorizacións deben tamen revisarse como son deltametrin, cipermetrin o clorpirifos.

ADULTERACIÓN DO MEL

26. LUGAR DE ORIGE DO MEL. (petición): Dende AGA e máis a Cooperativa ERICA MEL somos partidarios de que exista a obriga de indicar o país do orixe do mel nas etiquetas do mesmo. Para isto, ben se pode acudir a regra xeral que establece a propia Directiva 2001/100/CE relativa ao mel evitando así acudir á excepción que permite substituír estas mencións polas mencións xenéricas "meles orixinarias/non orixinarias/orixinarias e non orixinarias da UE", ou ben basarse no Regulamento núm. 1169/2011 del Parlamento Europeo y el Consejo de 25 de octubre de 2011, que regula a información alimentaria facilitada al consumidor, directamente aplicable nos Estados membros e que establece a obriga de indicar o país de orixe do mel.

Estabelcer unha regulación sobre etiquetaxe que garante o país de orixe vai contrinuir a esclarecer os orixes do mel, unha cuestión central no consumo e compra venda deste produto na Unión e fora dela, máis aínda cos actuais problemas que está a ocasionar as importacións de meles procedentes de China.

FOMENTO DO CONSUMO DO MEL E PROMOCIÓN

33. NEGOCIACIONES DE ACORDOS DE LIBRE COMERCIO E A CONSIDERACIÓN DO MEL COMO UN PRODUCTO SENSIBLE (petición): Neste sentido consideramos necesario que todas as cuestións relativas ao mel se rixan pola normativa aplicable na súa rexión de produción sen acudir a excepcións derivadas do principio de reciprocidad legal que permite que a circulación dos produtos fora da Unión siga as normas dos países de destino sen cumprir as normas dos países de orixe. Esta flexibilización do control no transporte e entrada e saída de mercancías provoca a aparición de plagas e outros desequilibrios tanto dende unha perspectiva ecolóxica de cambio na diversidade dos ecosistemas locais como a dende un punto de vista comercial e económico dos mercados locais e nacionais.